

MINISTERIO de Transformación Dixital e Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

30/01/2024

Actas.

Queda pendente das alegacións de CIG para a súa aprobación a acta nº 62 da COPA do 27 de decembro.

Encadramento.

Apróbanse expedientes pendentes de encadramentos no Ministerio de Cultura, que logo de novos informes modifican o encadramento debido a nova especialidade, dada as datas pódese dicir o de "a buenas hora mangas verdes", anos para resolver estes expedientes, os informes de Costes e Planificación son unha rémora para dar solución a calqueira das propostas que chegan a COPA.

Complementos: Seguimos a presenciar AGRAVIOS entre Ministerios.

Como se viña informando logo das Resolucións do 2 de Agosto, non se aprobaban mais expedientes que chegaran desde os ministerios con peticións de asignación de complementos dentro do acordo de retribucións complementarias, pois por sorpresa, (xa que non foi tratado na reunión da Permanente do IV CUAGE onde se determina a orde do día da seguinte reunión da COPA), presentase para a súa aprobación unha solicitude do Ministerio de Inclusión,Seguridad Social y Migraciones onde se engaden os postos dos Centros de Acogida a Refugiados (CAR) e os Centro de Estancia Temporal de Inmigrantes (CETIS).

Preguntamos de onde saía ese presuposto necesario para pagar estes complementos, xa que polo que ten informado o representante de Costes de Persoal,o presuposto para pagar os complementos da nova taboa xa estaba esgotado e por iso non se podían atender solicitudes que estaban chegando a COPA desde outros ministerios,como viña demandando a CIG, pois a contestación por parte de Costes presente na reunión foi que:

"no entiendo que pudo suceder pero por error no estaban incluídos antes de agosto estes puestos que se presentan en la reunión de hoy, pero que procedes su asignación, debido al carácter urgente y necesario de esta retribución complementaria en estos departamentos"

Como CIG manifestamos que se estaban dando distintas solucións a mesmas solicitudes, e que votariamos a favor de este expediente si se aplicaba este criterio ao resto de solicitudes, resultado que NON se vai cambiar de criterio e queda aprobado este expediente cos votos favorables de UGT, CCOO e CISF, sen considerar o estudio das peticións de outras Subcomisións no mesmo sentido que a aprobada nesta COPA.

Ante tal despropósito que se esta a dar con a aplicación do Acordo de Complementos aprobado o 19 de maio, a CIG esta a levar adiante distintas accións xurídicas, xa que a Administración non atende as nosas demandas e resto de sindicatos CALAN e algun non conta toda a verdade de cómo se esta a implatar nas RPTs dito Acordo.

Ofertas de Empleo.

Seguimos coa mesma cantinela, (pero mais cargada de bombo), "no tenemos una decision sobre si acumulamos ofertas y de acumularlas no sabemos de que años serian", asi estamos pero desta volta a culpa e dos cambios de ministerios e a súa estrutura de xestión, por iso dicimos que mais cargada de bombo, en fin que como pasou coa ultima acumulación, pillaranos o tren e escachara calquera xestión que tomen en consideración, dado que se chega tarde, mal e arrastro.

Preguntamos si esta falta de decisións tamén estaba afectando a posibilidade de unificar en un so ministerio a xestión do proceso selectivo das ofertas, e como non tamén esta sen tomar esa decisión, polo que non sabemos nada a escasos meses de que remate o prazo de convocatorias das ofertas de emprego.

Cambio de Réxime Xurídico.

Estase a traballar no proceso xa publicado do G4 do que darán información na reunión do grupo de traballo que esta prevista para a semana do 5 ao 9 de febreiro.

Adiantan que se presentaron 227 solicitudes de 1650 prazas susceptibles de solicitude, e que de esas 217 están inscritas no plan de formación do INAP.

Xubilación Parcial.

Dado que se están detectando defectos e lentitude nas resolucións das peticións de este dereito a xubilación parcial e que isto provoca un desamparo ante as traballadoras e traballadores afectados, estamos insistindo que a COPA debe de tomar medidas, pero a contestación e a da sempre, deben de ser as Subcomisións as que dean solucións a estas dificultades.

Noutros asuntos a CIG presentou unha queixa de cómo se están a tratar as cuestións que o noso sindicato esta presentando ante a COPA, xa que non se están tendo en conta e van pasando as reunión e algúns dos temas que presentamos van quedan atrás.

A Administración informa de que esta pendente de aprobación pola CECIR do acordado na Comisión Negociadora sobre distribución lineal da subida dos complementos do ano 2023.